



Por Decreto da Alcaldía da mesma data, a Sra. Alcaldesa en uso das atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, convocou sesión **CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL**, que se celebrará o próximo día **13 DE XUÑO DE 2015 (SÁBADO) ás DOCE (12,00) HORAS** no salón de Sesións da Casa Consistorial de acordo co seguinte:

ORDE DO DÍA

1. **CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**
2. **COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, XURAMENTO OU PROMESA DOS SEÑORES CONCELLEIROS E DE DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**
3. **ELECCIÓN DO SR./SRA. ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN.**
4. **DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TESOURERÍA A 12 DE XUÑO DE 2015 , E DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO MUNICIPIO.**

Por orde da Sra. Alcaldesa-Presidenta recórdolle a Vd. Que de conformidade co disposto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local, é obrigatoria a súa asistencia de non existir causa xustificada que llo impida e que, coa debida antelación, deberá comunicalo á Presidencia, en evitación da sanción en que, noutro caso, puidera incorrer con arranxo ó artigo 78.4, en relación có artigo 73 e 59 do citado Texto Refundido.

A teor do establecido no artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, se non concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos celebrárase sesión dou días despois, quedando constituída a Corporación, calquera que fose o número de concelleiros presentes.

Forcarei, a 9 de xuño de 2015
A Secretaria

Asdo.- M^a Elena Sueiro Fernández



**SRES./SRAS. CONCELLEIROS ELECTOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
DO CONCELLO DE FORCAREI**